

A NOSA VOZ

Revista informativa da Diocese de Lugo

Xuño-xullo de 2003

Nº 43. III EPOCA



SUMARIO

Editorial:

¿Onde está o teu irmán?

Páx. 2

Opinión:

Os cristiáns e a política

Páx. 3

Informe:

Actividades de
Cáritas Diocesana

Páx. 5-8

Actualidade:

Xornadas eclesiais:
Ensinanza relixiosa na es-
cola: Unha luz na cultura

Páx. 4

Medios de comunicación
ó servicio da paz

Páx. 9

Diocese:

Historia da Ofrenda ó
Santísimo

Páx. 10

¿Onde está o teu irmán?

*Díxolle Deus a Caín: ¿Onde está o teu irmán Abel?
Contestoulle: Non o sei. ¿Son eu acaso o gardián do meu irmán?*

Deus replicoulle: ¿qué fixeches? O sangue do teu irmán clama a min desde a terra...

*Principais potencias mundiais,
¿onde están os vosos irmáns?*

*Traficantes de morte, vendedores de armamento
¿onde están os vosos irmáns?*

*Poderosas organizacións mundiais ó servizo da paz,
¿onde están os vosos irmáns?*

*Dictaduras opresoras,
¿onde están os vosos irmáns?*

*Narcotraficantes do mundo,
¿onde están os vosos irmáns?*

*Radicais inconscientes e extremistas,
¿onde están os vosos irmáns?*

*Neoliberalismo alienante,
¿onde están os vosos irmáns?*

*Secuestradores sen rostro,
¿onde están os vosos irmáns?*

*Gobernantes corruptos e ineficaces,
¿onde están os vosos irmáns?*

*Sectas alienantes e fanáticas,
¿onde están os vosos irmáns?*

*Institucións eclesiais e relixiosas,
¿onde están os vosos irmáns?*

*Xoves inconformes e rebeldes,
¿sabedes quen son os vosos irmáns?*

*Xoves ambiciosos e emprendedores,
¿impórtanvos os vosos irmáns?*

*Xove manipulado por intereses consumistas,
¿sabes como viven os pobres, teus irmáns?*

*Xove sano, libre, de corazón noble e desexos de xustiza,
¿qué pensas e que podes facer polos teus irmáns?*

Se ti e máis eu nos preguntamos a cada momento polos nosos irmáns, chegará un día no que se oír de novo a voz de Deus no mundo dicindo: *agora é o ceo novo e a terra nova. Vos fixéstelo posible.*

(Corpus Christi. Libro de Cáritas)

A NOSA VOZ

Revista de información diocesana

DIRECTOR: Miguel Gómez

CONSELLO DE REDACCION: Manuel Varela, José Manuel Castro Alba, M^a José Campo, Miguel Rico Gómez, Antón Negro.

ASESOR LINGÜÍSTICO: Manuel Varela.

EDITA: Secretariado de Medios de Comunicación Social e Vicaría de Pastoral da Diocese de Lugo.

DIRECCIÓN: Bispado de Lugo. Praza de Santa María s/n. 27001. Lugo.

Teléfono: 982 23 11 43

Teléfono-Fax: 982 25 15 93

E-mail: obispadodelugo@telefonica.net

A NOSA VOZ

DEPOSITO LEGAL: LU 649 - 1996

IMPRIME: La Voz de la Verdad. Pol. Ind. O Ceao.

AXENDA

XUÑO

Día 14: O Sr. Bispo preside a inauguración e bendición na nova casa das Aliadas. Ás 11 da mañá

Día 15: Stma. Trindade

Día da Vida Consagrada Contemplativa

O Sr. Bispo preside a clausura do curso no Seminario Diocesano

Días 16-21: O Bispo da Diocese participa en Madrid na Asemblea da Conferencia Episcopal Española

Día 22: Corpus. Día da Caridade

Día 29: Ofrenda ó Santísimo Sacramento do Antigo Reino de Galicia

Día 30 a 5 de xullo: Peregrinación Diocesana a Lourdes

XULLO

Día 1: Empeza cursiño prematrimonial en San Francisco Xavier

Día 13-19: Exercicios Espirituais para sacerdotes.

Día 24: O Bispo da Diocese asiste en Santiago a reunión de Bispos da Provincia Eclesiástica

Día 25: Frei Xosé Gómez participa na Celebración do Apóstolo Santiago en Compostela.

Día 26-30: Cursiño de Animadores de Pastoral Xuvenil

Días 26-30: V Escola de Responsabilidade

Días 29-31: Frei Xosé Gómez asiste á reunión da Xunta de Asuntos Xurídicos da Conferencia Española, en Peña de Francia (Salamanca)